

PREGO DE CLÁUSULAS PARTICULARES E PRESCRICIÓN QUE REXEN O CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETARÍA DO IES AS BIZOCAS DO GROVE

De conformidade co acordado na reunión extraordinaria do Consello Escolar de data 24 de marzo de 2011, convócase o presente concurso público, suxeitándose o mesmo ás seguintes **BASES:**

1º.- Contrátase a concesión para explotar por conta do adxudicatario o servizo de cafetería do IES As Bizocas do Grove, destinándose para este fin o local deste centro reservado ao efecto.

2º.- O concesionario deberá equipar o local citado con todos os medios e instrumentos que permitan de forma satisfactoria, a prestación no mesmo do servizo a que está destinado.

3º.- O servizo de cafetería axustarase ao seguinte horario: 11:00-11:40 h, coincidindo cos recreos, de luns a venres en período escolar. Se nalgunha xornada resultase imposible abrir a cafetería deberáse comunicar á dirección do centro cun mínimo de 24 horas de antelación. O incumprimento reiterado do horario de apertura pode ser motivo suficiente, se así o considera o Consello Escolar, para revocar a concesión. O horario anteriormente sinalado, pode ser modificado unilateralmente pola Dirección en circunstancias extraordinarias ou eventos sinalados, o que se deberá comunicar con suficiente antelación ao concesionario.

4º.- O trato do persoal da cafetería deberá ser correcto e educado, sendo aplicables na súa totalidade en tal recinto as normas de convivencia recollidas no Regulamento de Réxime Interior do centro.

5º.- De acordo coas disposicións vixentes, quedan prohibidas a venda e o consumo de tabaco e bebidas alcohólicas. Así mesmo, non poderán colocarse na cafetería máquinas recreativas ou de azar. A instalación de máquinas expendedoras de bebidas ou alimentos deberá estar expresamente autorizada pola Dirección a proposta do Consello Escolar.

6º.- A prestación do servizo de cafetería destinarase fundamentalmente ao alumnado do centro.

7º.- A duración desta concesión será dun ano. Rematado ese prazo elevarase a xestión da instalación ao Consello Escolar quen valorará a posibilidade de volver sacar a concurso o servizo. En caso de que o Consello Escolar considere conveniente a prorroga do servizo, entenderase prorrogada tacitamente se a lexislación o permite, por períodos iguais, salvo notificación expresa do contrario de calquera das partes con polo menos dous meses de antelación ao do vencemento do prazo acordado ou de calquera das súas prorrogas.

8º.- A concesión será intransferible, debendo o adxudicatario explotar o negocio directa e persoalmente, puidéndose auxiliar do persoal que estime preciso.

9º.- A vixilancia e limpeza do local, así como o coidado e conservación dos útiles e demais efectos que se encontren no local destinado á cafetería, serán por conta do adxudicatario. As paredes do local da cafetería deberá pintarse polo menos, unha vez cada dous anos.

10.- O adxudicatario non abonará ningún concepto mensual pola explotación do servizo de cafetería.

11.- O pago da calefacción, auga e luz correrá a cargo do IES As Bizocas.

12.- A prestación dos servizos da cafetería axustarase á lista de prezos que, formulada polo concursante, acompañará á oferta que teña servido de base á adxudicación, e consideraranse máximos sen que poidan ser obxecto de revisión durante o prazo inicial de vixencia do contrato, a partir do cal en cada prórroga poderase aplicar unha subida acorde con IPC. A estes efectos, as ofertas conterán como mínimo os seguintes produtos: infusións, bebidas (zumos, batidos, refrescos e botellas de auga), froita, bocadillos e sándwichs.

13.- Os produtos que se inclúan nas listas de oferta do servizo de cafetería por parte dos concursantes deberán ser de calidade media no mercado, así como ser suficientes en canto a cantidade.

14.- A listas de prezos dos distintos produtos deberá estar exposta á vista do público e en lugar visible nas instalacións da cafetería.

15.- A estrutura e disposición do local, mobiliario e instalacións non poderán ser modificadas polo adxudicatario, sen a autorización escrita do Consello Escolar.

16.- O contratista será responsable do uso inadecuado das chaves que se lle entreguen para acceso á cafetería.

17.- O concesionario é o único responsable de cumprir todas as licencias, xestións e trámites e de estar ao corrente no pago de todas as cargas laborais, sociais e fiscais, que se deriven da súa condición de empresario. O IES As Bizocas declina toda responsabilidade nestes apartados.

18.- O concesionario deberá prestar o servizo de cafetaría cun mínimo de unha persoa, sendo da súa exclusiva responsabilidade o cumprimento de todas as normas establecidas con relación ao persoal ao seu cargo.

19.- No momento de formalizarse o contrato, o adxudicatario asinará un inventario dos diversos elementos, aparellos e menaxe de que consta a cafetaría, asumindo o compromiso de conservar todos eles en perfectas condicións de servizo, correspondendo ao seu cargo todas as reposicións e reparacións a que houbese lugar, así como os oportunos gastos de mantemento que os mesmos orixinen. De non contar con equipamento, a aportación dos elementos de explotación e material auxiliar correrán por conta do concesionario.

20.- No suposto de terse incluído na oferta un proxecto de reforma das instalacións da cafetaría, as obras de acondicionamento serán por conta e risco do adxudicatario, terán que axustarse estritamente ao proxecto presentado, e deberán estar completamente rematadas antes do 15 de setembro de 2011. Ditas obras quedarán en beneficio do centro á finalización do contrato.

21.- O concesionario deberá contar durante todo o período de vixencia do contrato cunha póliza de responsabilidade civil, que asegure os danos e prexuízos que se poidan derivar da explotación do negocio, ben sexan debidos ao mal estado dos produtos servidos, ás instalacións e mobiliario da cafetaría escolar, sexan propiedade do concesionario ou da Administración, ou a consecuencia de outras circunstancias, como roubos, incendios ou outros sinistros.

22.- O incumprimento das presentes bases por parte do concesionario dará lugar á oportuna revogación da concesión, previo acordo co Consello Escolar.

23.- No suposto de non prorrogarse o servizo, á finalización do prazo inicialmente acordado ou de calquera das súas prorrogas, ou en caso de revogación do contrato no suposto contemplado no apartado anterior, o adxudicatario, no prazo máximo e improrrogable de 15 días, deberá devolver á Administración contratante, no adecuado estado de conservación e funcionamento, todas as dependencias e instalacións do local destinado a cafetaría, así como as súas chaves de acceso, deben do así mesmo, retirar no mesmo prazo os elementos de explotación non fixos que resulten da súa propiedade, pois en caso contrario perderaos en beneficio do centro.

24.- Estas bases uniranse ao contrato de adxudicación, formando parte do mesmo.

CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE CAFETARÍA DO IES AS BIZOCAS DO GROVE

I) REGULACIÓN

O presente concurso público, así como a oportuna concesión administrativa de explotación da cafetaría, regularanse polas cláusulas e prescricións que serán obxecto de desenvolvemento máis adiante, e con carácter supletorio pola lexislación vixente en materia de concesión administrativa (Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e disposicións concordantes).

II) TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- Tramitación: ordinaria
- Procedemento: aberto
- Forma de adxudicación: concurso público mediante concesión administrativa

III) MESA DE CONTRATACIÓN

Estará integrada por todos as persoas membros do Consello Escolar do IES As Bizocas, quen resolverán por maioría cantas dúbidas ou reclamacións se formulen durante a tramitación do concurso, así como a adxudicación do servizo á que consideren globalmente como a mellor postura de entre as ofertas presentadas que cumpran as condicións establecidas, tendo en conta principalmente, o prezo, calidade e cantidade dos produtos ofertados, as características do servizo e o persoal destinado ao mesmo.

IV) PRESENTACIÓN DE OFERTAS E APERTURA DAS MESMAS

Os licitadores presentarán a súa oferta en sobre pechado na secretaría do IES As Bizocas (rúa Balea s/n, 36988, San Vicente, O Grove, Pontevedra)

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios do Centro (30 de xuño de 2011), rematando o día 1 de setembro de 2011 ás 13:00 horas.

A data de apertura das ofertas terá lugar en sesión pública o mesmo día 1 de setembro de 2011 ás 13:30 horas, en reunión extraordinaria do Consello Escolar convocada ao efecto.

V) DOCUMENTACIÓN QUE DEBEN PRESENTAR AS PERSOAS PARTICIPANTES

- 1.- Instancia solicitando tomar parte na contratación do servizo, con indicación expresa dun enderezo ou correo electrónico a efectos de notificacións.

2.- Currículo debidamente xustificado do persoal e empregados que se vaian facer cargo da cafetaría, onde deberán figurar os estudos e experiencia laboral correspondente, e obrigatoriamente a posesión do carné de manipulador de alimentos.

3.- Lista de prezos dos distintos produtos que se porán á venda, tendo en conta a súa calidade e cantidade.

4.- Relación do material, mobiliario e elementos de explotación cos que se vaia equipar o negocio, e no seu caso, proxecto de reforma das instalacións e investimentos a realizar.

5.- Documentación que acredite a identidade do oferente e a representación coa que actúa, incluíndo segundo o caso, copia do carné de identidade non caducado da/o empresaria/o individual, da escritura de constitución ou modificación debidamente inscrita no Rexistro Mercantil se é unha sociedade mercantil, do contrato de constitución liquidado fiscalmente no caso de calquera outra persoa xurídica e do poder notarial, escritura ou contrato outorgado a favor da persoa asinante da proposición con facultades suficientes para contratar coa Administración.

6.- Declaración responsable de que a persoa participante non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración, establecidas nos artigos 49 e seguintes da Lei 30/2007, obrigándose expresamente ao estrito cumprimento das disposicións vixentes en materia de industria, sanidade, consumo, lexislación fiscal e laboral e de seguridade social, que son de obrigada observancia para a explotación do servizo obxecto deste concurso.

VI) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A adxudicación do concurso efectuarase o día 7 de setembro en reunión extraordinaria do Consello Escolar, o que se notificará oportunamente a todas as empresas participantes. A formalización do contrato administrativo deberá efectuarse nun prazo non superior aos 15 días hábiles seguintes a dita notificación; momento no cal a empresa adxudicataria deberá aportar a seguinte documentación:

1.- Certificación administrativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de seguridade social, expedidas pola Axencia Tributaria e a Tesoureira da Seguridade Social.

2.- Seguro de responsabilidade civil, que cubra durante todo o período de execución do contrato os posibles danos que se poidan ocasionar a terceiros con ocasión da prestación do servizo.

De non cumprirse adecuadamente estes documentos no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a recadar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que teñan quedado clasificadas as ofertas. Do mesmo modo actuarase no suposto de que non se puidera formalizar en prazo o contrato de explotación por causas imputables ao concesionario do servizo.